

NORMATIVA DO COMEDOR DO CEIP INFANTE FELIPE CURSO 18/19

O COMEDOR ESCOLAR do colexio será xestionado a través da ANPA a LAGOA e o catering encargado "ADRIAMIAL FOOD S.L".

O COMEDOR dará comezo o día 12 de setembro de 2018.

O día 3 de setembro comeza o período de inscrición.

Para axilizar as inscricións, débese entregar cada folla correctamente asinada e cumprimentada e envialas vía e-mail: actividadesanpaalagoa@gmail.com En asunto poñer **COMEDOR** e **NOME APELIDOS do ALUMNO** (unha inscrición por alumno). Aquelas persoas que non poidan facelo vía e-mail poden entregar as fotocopias das follas no buzón da ANPA, pero *ata que non reciban notificación, os menores non poden acudir ao comedor.*

NORMAS DE FUNCIONAMENTO:

1. A ANPA comunicará ao e-mail dende o que envíen a solicitude o día de comezo; así como calquera outra información de relevancia respecto ao mesmo durante o curso escolar. Os menús estarán visibles no comedor.
2. A petición de alta ou baixa comunicarase á ANPA vía e-mail antes do día 25 do mes anterior a solicitar. Se vai faltar máis de 5 días terá que avisar o mes anterior. Faranse descontos por días de ausencia por enfermidade superior a 5 días, xustificada por informe médico (de dito período de ausencia se descontarán só os días que se notifiquen á ANPA directamente para non elaborar o seu menú).
3. Se falta algún dato ou firma na solicitude, ésta non será válida. Garden sempre o orixinal como xustificante e para ter no seu poder as normas de funcionamento do comedor e aula.
4. O SERVIZO DE COMEDOR comeza á saída de clase. O encargado/a do comedor recollerá os nenos de Ed. Infantil e os de Ed. Primaria. Notificarase á dirección do centro os menores que asistan mensualmente ao comedor segundo a folla de inscrición presentada (**os pais deben comunicar ao titor e á ANPA as faltas puntuais de asistencia**). O servizo **dura ata as 16:25** (Os pais poden recoller ós seus fillos a partires das 15:25). Aqueles alumnos con actividade extraescolar da ANPA serán recollidos polo monitor/a da actividade antes das 16:25, de forma que os pais irán buscar os seus fillos ao remate de dita actividade (a partir de outubro).
5. Os menores deben levar un vasiño + cepillo dental + pasta de dentes, con nome e apelidos, (tamén babeiro e mandilón para infantil).
6. Tódalas mensualidades calcularanse en función dos días lectivos.
7. **A devolución do recibo mensual incrementará o cargo en 10 €.** Esta mensalidade deberase ingresar nos tres seguintes días hábiles na conta de Adrimial; no caso contrario será causa de baixa do menor no servizo de comedor.
8. Levarase un rexistro de asistencias (incluídos comensais esporádicos).
9. Os **comensais esporádicos** deberán solicitar a asistencia ao comedor cunha **comunicación vía email: actividadesanpaalagoa@gmail.com**. Só serán **atendidos, con garantías, os avisos recibidos ata as 22:00 hrs. do día anterior.** Aos recibidos con posterioridade a esa hora **non** se lles garante confirmación de asistencia. Deberán ter recibido confirmación da ANPA para poder asistir.
10. Os comensais **esporádicos** pagarán **cada día de asistencia en man ó monitor/a.**
11. Os usuarios **esporádicos** notificarán ao colexio a asistencia ao comedor.

OBRIGAS DOS USUARIOS:

1. Os nenos/as tratarán con respecto aos seus compañeiros/as e monitores/as ou coidadores/as do comedor e deberán ter un comportamento axeitado na mesa.
2. Os nenos/as non poderán traer alimentos nin bebidas.
3. Os nenos/as non deberán traer móbiles ao comedor.
4. Os nenos/as faranse responsables dos seus obxectos persoais.
5. Deberán obedecer aos coidadores, sendo os propios coidadores os que, baixo o seu criterio, reprendan aos nenos/as que deixen de cumprir as normas.
6. A persoa encargada de recoller ao neno/a deberá facelo coa máxima **puntualidade**.
7. Os monitores/as só entregarán o neno/a á persoa que figure como autorizada. No caso de ser outra persoa deberá comunicalo ao responsable de comedor mediante a correspondente autorización firmada.
8. Os danos que poidan provocar os nenos serán a cargo do pai/nai/titor.

MOTIVOS DE SANCIÓN OU EXPULSIÓN:

1. Comportamento incorrecto: No caso reiterado de que os nenos/as se comporten incorrectamente, os coidadores informarán á ANPA para que ésta tome a oportuna decisión.
2. Os casos de maior gravidade serán notificados ao Consello Escolar do centro, podendo chegar á expulsión do comedor polo tempo que se estime oportuno.
3. **Outros motivos de expulsión:**
 - a. **Chegar tarde repetidamente** a recoller ó neno/a.
 - b. **O impago** dentro dos prazos establecidos.

MATRÍCULA E SEGURO DE ACCIDENTES:

- A matrícula do servizo do comedor ten un **custo de 10 €**, no caso de ser **socio da ANPA será de balde**.
- O servizo do comedor require o **seguro de accidentes** que ten **un custo de 10 € / ALUMN@** a ingresar na **conta de La Caixa ES72 0133 6054 8242 00003951**. Enviar o xustificante do ingreso por correo electrónico a: **actividadesanpaalagoa@gmail.com**, cos documentos escaneados ou depósitaos no buzón da ANPA.

PAGOS

1. O pagamento realizarase mediante domiciliación bancaria e cargarase o día 5 do mes seguinte.
2. Ningún alumno/a con algunha cuota pendente poderá participar das actividades da ANPA ata o abono destas. Ao fin de mes Adrimial food entregará a tódolos usuarios o menú do seguinte mes.
3. Os usuarios esporádicos pagarán cada día de asistencia ao contado ao monitor.

PREZO USUARIOS FIXOS: 4,45 € / MENÚ

PREZO ESPORÁDICOS: socios 6 € / MENÚ - NON socios 7,50 € / MENÚ

Sinatura do/a titor/a e NOME D@ ALUMN@